


A lancha e o bote de Xávega



Ambas son embarcacións para o manexo da arte da xávega. Estendidas por toda Galicia, desapareceron ó se deixar de usa-la arte. A lancha era a base dende a que operaba a xávega. Tiña maior tamaño có bote. Medía entre 9 e 11 m. de eslora e de 3 a 4 m. de manga, tiña a

popa e a proa simétricas, carecía de vela e contaba con 5 ou 6 remos por banda.

Aberta e sen máis que unha pequena cuberta a proa e popa, tiña os bancos cara á proa, deixando na popa un espacio amplo para leva-la arte.

Empregouse para larga-la arte, que era de grandes dimensións (ata 600 m.), con cabos de 1.000 m. ou máis para tirar dela. Para isto a lancha deixaba un cabo en terra e, describindo unha elipse, rodeaba a posta, volvento o outro cabo a terra. Logo recollíase con axuda de bois. O bote de xávega, de 5 ou 6 m. de eslora e 2,5 de manga, popa cadrada, aparellaba vela ó tercio. A proa tiña unha cuberta pequena e pequenos corredores, con 3 ou 4 remos por banda.

ENCANTRO 2002
embarcacións tradicionais

